



CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL  
PARA POSTOS DE PROFESORES DA ESCOLA DE MÚSICA.

Decreto de Alcaldía do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal. Na actualidade resulta necesaria a contratación de persoal laboral temporal para a escola de música de Rois.

Constatada a necesidade e no uso das facultades contempladas no artigo 41.14C do Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais decreto:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para contratar en réxime laboral temporal de profesorado para a escola de música do Concello de Rois.

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que se acompaña a esta resolución.

Rois, 19 de agosto de 2013.

O alcalde,

  
Ramón Tojo Lens.





BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN POSTOS DE TRABALLOS DE PROFESORES PARA A ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE ROIS, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL .

OBXECTO.


É obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección para a provisión con carácter temporal, de profesores ou profesoras da Escola de Música do Concello de Rois, para o curso escolar 2013/2014, mediante o sistema de concurso e entrevista.

O procedemento regulado nestas bases rexeranse póla normativa básica estatal constituída póla Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (LBRL), o Real Decreto 781/1986 do 18 de abril, pólo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en material de réxime local (TRRL), a normativa autonómica de aplicación constituída pólo Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, pólo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia (TRLFPG), decreto 95/1991, do 20 de marzo, pólo que se aproba o regulamento de selección de persoal ao servizo da comunidade autónoma de Galicia e Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), Real Decreto 364/1995 do 10 de marzo pólo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación correspondente de aplicación.

1. DURACIÓN E TIPO DO CONTRATO.

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado a tempo parcial previstos nos artigos 12 e 15 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, pólo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores, e nos artigos 2 e 5 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, lexislación que lle será aplicable sen prexuízo do disposto na lexislación que sexa de aplicación ao persoal ao servizo das Administracións Públicas e especialmente á administración local.

A duración do contrato estenderase ata a finalización do servizo consistente na docencia na escola de musica do Concello de Rois durante o curso escolar 2013/2014 que dará comezo o vindeiro 10 de setembro.



## 2. XORNADA LABORAL E RETRIBUCIÓNS.

O número de horas a impartir por cada profesor poderá variar en función do número de matriculas que se formalicen para cada unha das especialidades que se ofertan. No caso de que algunha das especialidades convocadas quede sen matrícula, a persoa seleccionada pasará a formar parte da bolsa de emprego .

A retribución será de 15 euros brutos

## 4. ESPECIALIDADES QUE SE OFERTAN

- Profesor/a de piano.
- Profesor/a de acordeón.
- Profesor/a de guitarra.
- Profesor/a de percusión
- Profesor/a de clarinete.
- Profesor/a de saxofón.
- Profesor/a de trompeta.
- Profesor/a de contrabaixo/ baixo.
- Profesor/a de música en movemento.
- Profesor/a de linguaxe musical.
- Profesor/a de violonchelo.
- Profesor/a de violín.
- Profesor/a de canto


## 5. CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.

- Número de postos de traballo: 13
- Clase: persoal laboral temporal.
- Nivel de titulación mínimo esixido: Mestre na especialidade de educación musical ou grao medio de música.
- Funcións: impartir clases de música, nas especialidades correspondentes, na escola de Música do Concello de Rois.
- Categoría: Técnico/a.
- Grupo de cotización: 2

## 6. REQUISITOS DAS E DOS ASPIRANTES.

Para formar parte no proceso selectivo, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos como máximo á data na que finalice o prazo de presentación das solicitudes de participación establecido na base 6.

- Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión europea ou nacional dalgún estado membro en virtude dos tratados internacionais celebrados polo Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores ou traballadoras. A tal efecto e en cumprimento co establecido no artigo



57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, terán a mesma consideración, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/ou cónxuxe das persoas españolas ou das nacionais doutros Estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexán menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes, así como as persoas extranxeiras con residencia legal en España.

-Ter cumpridos dezoito anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.

-Estar en posesión do título de grado medio de música ou do título de mestre na especialidade de educación musical.

-Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

-Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da administración pública.


-Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás desempeñadas no caso do persoal laboral, no cal fose separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

## 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As instancias solicitando participar no proceso dirixirse ao Alcalde do Concello de Rois, e presentarse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral de entrada de documentos do Concello de Rois, por calquera das formas previstas no artigo 38.4 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, no prazo de sete días naturais contados desde o da publicación do anuncio na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

No obstante, cando a documentación non se presente directamente no rexistro da Corporación, o concursante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (para este suposto) ou



mediante selo de entrada (no caso de presentarse vía rexistro doutra administración, cando tal fose admisible) e ao tempo, anunciarlle ao Concello a remisión da súa solicitude mediante telex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen tales requisitos non será admitida ninguna solicitude presentada fora de prazo.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copias compulsada, na orde en que se indica e numerada correlativamente:


A) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residencia. As ou os familiares dos anteriores, visado e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que ou ao aspirante vive ás expensas ou está ao seu cargo.

B) Título de grado medio de música ou título de mestre na especialidade de educación musical.

C) Declaración responsable, asinada polo aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso de persoal laboral, segundo o modelo que se insire nas bases como anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable asinada polo ou pola aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu caso Estado, no mesmos termos, o acceso ao emprego público.

D) Relación, segundo a orde que se establece na base 10.5 dos méritos que as ou os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mesma base.



#### 7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde do Concello de Rois, no prazo dunha semana, ditará resolución aprobando a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as, con especificación de apelidos e nome, DNI, NIE ou pasaporte e, de ser o caso, dos motivos de exclusión.

Esta resolución publicarase na páxina web do Concello de Rois ([www.concelloderois.org](http://www.concelloderois.org)) e no taboleiro de anuncios do Concello.

As ou os aspirantes omitidos ou excluídos disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o día da publicación da devandita resolución na páxina web, para enmendar os erros ou os defectos que motivaron a súa omisión.


Transcorrido o prazo de subsanación, o órgano convocante ditará nova resolución aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo e fixando o lugar, data e hora de realización da entrevista e a composición do Tribunal Cualificador, a cal será publicada igualmente na páxina web do Concello de Rois e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisoria na mesma resolución de aprobación, incluíndo tamén nos datos sinalados do apartado anterior.

A publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das restantes probas, así como, a lista dos aspirantes aprobados en cada exercicio e de chamamentos ás os aspirantes, de selo caso, efecturase no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo.

#### 8.- NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O órgano de selección será colexiado, e como mínimo, constará dun presidente, tres vogais e un secretario, que serán designados por resolución de alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que lles será esixible a todos individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais



que posúan na materia de que se trate ou polos seus coñecementos específicos sobre selección de persoal, e entenderase, así mesmo, a paridade entre muller e home. Deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por delegación a ninguén.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 notificándollo á autoridade convocante, ou cando realicen tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusalos de acordo co disposto no artigo 29 do mesmo texto legal.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir en aplicación das presentes bases.

Rexeráse no que respecta á súa constitución a formación de vontade, pola Lei 30/1992, estando facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e os problemas que se poidan formular.

#### 9.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen asistencia de, polo menos, a metade dos seus membros, e en todo caso, sen asistencia do/as presidente e secretario.

Por cada sesión o tribunal levantará acta, que lida ao principio da sesión e seguinte, de ser o caso, as rectificacións que procedan, autorizarase coa sinatura do/a secretario/a e o visto e praxe do/a presidente.

As e os membros do Tribunal, así como as/os asesores especialistas designados, terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ou se tiveren realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso que regulan estas bases.

A ou o presidente poderá solicitar das e dos membros do tribunal e das/os asesores especialistas declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei de réxime



xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas nas presente bases.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar que teñan superado as probas selectivas, un número superior de aspirantes aos de postos convocados. Calquera proposta de aprobados/as que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

As e os membros do tribunal, así como aqueles asesores especialistas que nomee terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade do previsto no anexo IV do real decreto 462/2002, do 24 de maio sobre indemnizacións por razón de servizo.

#### 10.- FASE DE CONCURSO.

A fase de concurso, non terá carácter eliminatorio será a primeira obxecto de valoración.

Publicada a lista definitiva de aspirantes admitidos, o Tribunal reunirse nunha ou no número de sesións que resulten necesarias, a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados. O resultado da valoración farase pública, mediante a súa exposición o Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo.

Deberá estar en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

O tribunal, en ningún caso poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación achegada na instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de ningún prazo para enmendadas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.


A puntuación máxima total do concurso establececese en seis puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

##### A) Experiencia profesional. Máximo 3 puntos.

Por servizos prestados para calquera en empresas privadas ou par calquera administración pública en postos da mesma categoría e no que se desenvolvan as tarefas ou funcións propias do posto que se convoca: 0,01 puntos por cada mes completo de servizo a xornada completa.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideranse de 30 días naturais. Asemade a





puntuación reducirase proporcionalmente nos prestados a tempo parcial, tomando como referencia 40 horas á semana.

O resultado da ponderación redondearase en dous decimais para cada unha das experiencias laborais acreditadas.

B) Coñecemento do idioma galego. Máximo 1 puntos.

Por estar en posesión do certificado de lingua galega ( Celga 4) ou equivalente: 1 puntos.

Por estar en posesión do certificado de lingua galega ( celga 3) ou equivalente: 0,5 puntos.

C) Cursos de formación. Máximo 2 puntos.

Por cada curso de duración superior ou igual de 200 horas: 0,5 puntos.

Forma de acreditar os méritos alegados:

A) experiencia laboral: contratos de traballo, e informe de vida laboral expedido pola Tesoureiría da Seguridade Social.

B) Cursos de formación: deberase presentar orixinal ou copia compulsada do diploma no que debe constar como mínimo a duración do curso en horas, o título do mesmo e a correspondente homologación de selo caso, ou certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

C) Coñecemento do idioma galego: deberase presentar orixinal ou copia compulsada do Certificado de lingua galega correspondente ou título equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia ou títulos expedidos pola Escola Oficial de Idiomas.

De ser necesario, o resultado da ponderación redondearase en dous decimais para cada un dos apartados e subapartados.


### 11.- FASE DE ENTREVISTA:

Nesta fase otorgaráselle unha puntuación máxima de catro puntos.

Consistirá en contestar preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver e cos méritos alegados, así como coa organización e programación escolar da escola de música de cada unha das materias que se imparte na escola, o tribunal poderá requirer os/as aspirantes que presenten un programa dos contidos a desenvolver durante o curso da escola de música.

### 12.- DESENVOLVEMENTO DA ENTREVISTA.

A realización da entrevista, coa indicación de lugar e data será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na



páxina web do mesmo. Nestes mesmos lugares publicaranse as puntuacións obtidas na mesma.

O tribunal poderá requirir aos aspirantes, en calquera momento da practica de calquera exercicio ou proba, que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do documento nacional de identidade, tarxeta de residente ou pasaporte.

### 13.- PUNTUACIÓN FINAL DOS/AS ASPIRANTES.

Rematada a fase da entrevista, a cada aspirante que a superase outorgaráselle unha puntuación final no proceso que será o resultado da suma das notas parciais obtidas en cada fase.

### 14.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO.

Unha vez calculada a puntuación final de cada aspirante o Tribunal elaborará unha listaxe destes, para cada un dos postos convocados, por orde decrecente en función da súa puntuación final, resultando aprobado aquela ou aquel que obtivese a puntuación máis alta e formulando ao órgano competente a proposta de nomeamento ao seu favor.

Asemade o tribunal elaborará tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva para cada posto, na que figuraran aqueles/as aspirantes que, aínda tendo superado o proceso selectivo, non resulten aprobados por obter unha puntuación ordinal inferior ao número de postos convocados, para os supostos de renuncia, falecemento, incapacidade sobrevida, ou outros supostos en que o/a aspirante aprobado non chegue a asinar o contrato de traballo. O órgano convocante, deberá substituíla/o pola/o seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado.

Tanto a proposta de nomeamento como a lista de reserva será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello.

### 15. BOLSA DE EMPREGO.

Crearase unha bolsa de emprego para a cobertura de postos de traballo con carácter interino ou a celebración doutros contratos con carácter temporal para os que se esixan os mesmo requisitos que nas presente bases, acudindo os/as aspirantes relacionados por orde decrecente de puntuación na listaxe confeccionada polo Tribunal cualificador.



A ou o aspirante que resultase nomeado no proceso regulado nestas bases, unha vez extinguido o contrato laboral pasará a formar parte desta bolsa na orde que lle corresponda pola súa puntuación.

No caso de producirse a necesidade de proveer un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase á ou ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións que nese momento non estén prestando servizos para o Concello de Rois como profesor ou profesora de música na especialidade correspondente, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función de urxencia na provisión do posto, se incorpore a éste previa sinatura do correspondente contrato laboral.

Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá indicándolle o número de orde no que se atopa na prelación establecida polo Tribunal, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas con maiores puntuacións non se presente a sinatura do contrato no prazo establecido, ou renunciem por escrito a prestar servizos para os que se lle require, pasarase ao seguinte da lista.

O requirimento será comunicado na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao enderezo postal sinalado na instancia prevista na base 6, e, de estimalo necesario, en atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustifico.

#### 16.- NORMA FINAL.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas poderán ser impugnadas polos interesados ou polas interesadas nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións criterios e medidas necesarias para a boa orde do concurso- oposición naqueles aspectos previstos ou no nestas bases, sendo en todo caso aplicable para o non previsto a normativa recollida na base 1.

Delixencia: Poñoa eu secretario, para facer constar que as presente bases foron aprobadas por resolución de alcaldía de 19 de agosto de 2013, consta de 10 paxinas incluída esta, en papel timbrado municipal e seladas co selo de secretaria do Concello.

O secretario,

Diego Losada Romero.